

ERNEST COLE: LOST & FOUND

Raoul Peck, 2024

1525

ESTREA EN NUMAX: 16.05.2025 | V.O.S.E. | +12 | 115 min

Ernest Cole, fotógrafo sudafricano, foi o primeiro en expoñer ao mundo os horrores do Apartheid. A publicación do seu libro "House of Bondage" levouno a se exiliar a Nova York e Europa durante o resto da súa vida. Raoul Peck relata a súa axitación como artista e a súa rabia ante o silencio ou a complicidade do mundo occidental, ademais de como se descubriron 60.000 negativos da súa obra nunha caixa forte dun banco sueco.

«Un documental fascinante sobre o fotógrafo sudafricano que denunciou a inhumanidade do apartheid»

Lovia Gyarlye, THE HOLLYWOOD REPORTER



Imaxes do pasado con reflexo no presente

Por David Katz

O cineasta haitián Raoul Peck empezou no teatro, pero é o cinema documental o que o levou realmente a darse a coñecer, aínda que realizado con certo dinamismo e un marcado estilo. O seu enfoque dá prioridade ao aspecto visual en todo momento, por moi articulada que sexa a voz en off que expresa algúns dos pensamentos dun Ernest Cole ao que interpreta LaKeith Stanfield, e é que a vívida fotografía en branco e negro de 35 mm de Cole é mellor que calquera reconstrución histórica. Doutra banda, as insercións ocasionais de metraje contemporánea en cor, como un plano gran angular desde o parabrisas do coche nas chairas rurais surafricanas, axudan ao espectador para deleitarse co puro esplendor pictórico.

A narración segue a Cole durante os seus dez anos de recompilación de material — que se exemplifican a través dun informe sobre a masacre de Sharpeville de 1960 no que estivo presente— co fin de elaborar o seu canónico fotolibro “House of Bondage”, un documento fundamental sobre a segregación institucional que concentrou a atención internacional cando Gran Bretaña e outros países iniciaron o illamento diplomático e os boicots. Cos movementos antiapartheid obrigados a pasar á clandestinidade, e cun Nelson Mandela que se dispoñía a comezar o seu encarceramento de 27 anos en 1962, estaba claro que o forno non estaba para bolos, e Cole e outros como el eran conscientes diso. Así pois, o fotógrafo trasladouse ao Nova York da época dos dereitos civís, tal e como fixeran os seus contemporáneos artísticos Miriam Makeba e Abdullah Ibrahim, e ao principio viu como o seu traballo contaba co apoio de organismos de financiamento como a Fundación Ford, institución para a que colaboraría nunha serie de fotos sobre o Jim Crow South. Con todo, a pesar de que as súas fotos anatomizaban de forma artística e directa as situacións máis sombrías, Peck atreveuse a facer que a última parte da súa película sexa moito máis indirecta e elíptica.

E é que, tras esta primeira tempada en Nova York, a súa vida foise aos poucos esvaecendo. A pesar de que Cole destilou con tanta forza o seu antigo fogar, ao seu exilio xeográfico uniuse gradualmente un emocional e mental. Coa súa paixón pola fotografía en decadencia e o seu pasaporte surafricano confiscado, permitiúselle temporalmente entrar en Suecia, Dinamarca e o Reino Unido, antes de regresar totalmente empobrecido a Estados Unidos, onde a narración de Stanfield corrobora os rumores de que era un dos vagabundos da cidade. A súa indixencia contrasta tristemente cos ventos de cambio no seu país, con eleccións democráticas no horizonte a principios da década de 1990. Todo isto constitúe un conmovedor reflexo de como a actividade creativa, entrelazada coa axitación política, pode alimentar metaforicamente o corazón dunha persoa; desprovisto de ambas, e en calquera novo lugar no que se establecese, o exilio e a alienación acabaron por destruílo.

Os negativos atopados misteriosamente nun banco de Estocolmo proporcionan os escaneados de nítida resolución que Peck utiliza na súa película. A historia volve cobrar vida, as fotos saen á luz e apuntan a unha realidade pasada que non podemos pasar por alto 30 anos despois da fin do apartheid, e máis tendo en conta que se proporcionan de forma convincente analoxías entre este pasado e as crises de hoxe en día.